


O Mirador



TITULARES DO MES:

Mediación Escolar no IES Antonio Fraguas.....	páx. 5
Visita á Feira do Libro	páx. 12
Entrevista a María Rosendo.....	páx. 25

...e ad+ novas seccións!!: deportes, proteste xa!..... MIRA DENTRO!!!!

PROGRAMA MUNICIPAL DE EDUCACIÓN DE RÚA
CONCELLARÍA DE BENESTAR SOCIAL/SERVIZOS SOCIAIS
CONCELLO DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

PRESENTACIÓN

Este xornal nace dunha iniciativa a nivel comunitario impulsado desde o **Programa Municipal de Educación de Rúa** do Concello de Santiago de Compostela en colaboración coas entidades que teñen unha sólida traxectoria no barrio.

CARTA DE DIRECCIÓN

Ferralla, axóuxere, muíño, treboada, fervenza, gamela, faneca, néboa, pistracas, tróspito, sacho, trapalladas, cóxegas, parvo, alborada...

É fermoso o xeito que temos as persoas galegas de chamarlle na nosa Terra ás cousas, lugares, persoas, sentimentos... xa que o facemos dunha forma única que nos diferencia do resto e nos da identidade.

Somos conscientes disto? Algunhas persoas seguramente si e outras seguramente non (aínda que sexan galegofalantes). Historicamente o galego sempre estivo ameazado máis sempre resistiu, pasando por etapas realmente difíciles onde a represión foi moi forte e aínda hoxe en día esa represión está presente na nosa sociedade, especialmente nas cidades e vilas onde moitas xeracións medraron en escolas franquistas e incluso perdeuse o uso da lingua no contexto familiar xa que tamén estaba mal visto usalo nas fábricas ou nos estaleiros onde traballan as nais e pais desas xeracións. Esa concepción negativa do galego existe aínda hoxe en día dunha forma latente e nas cidades son moi poucas as nenas e nenos que falan na lingua nai, non tanto no rural onde resistiu mellor os envites de antano.

Que o galego resistira tantos anos non serve de excusa e antóllase necesario tomar consciencia da realidade, que non é outra que a de que se unha lingua non se fala tende a esquecerse e son as novas xeracións o futuro do país e por suposto da lingua, e somos todas e todos os responsables de transmitir o valor e o amor pola Terra e pola lingua, por iso cada mes de Maio, e sempre, temos que ser persoas orgullosas do que temos e loitar por elo.

Así “O Mirador” de Maio, adicado ao galego quere ser unha pedra máis na construción desta identidade, pedras que teremos que ir poñendo todas e todos, todas as galegas e todos os galegos.

Mirando ao barrio

MEDIACIÓN ESCOLAR NO IES ANTONIO FRAGUAS

A mediación é un proceso estruturado de resolución de conflitos no cal as persoas enfrontadas reúnense en presenza da persoa mediadora e, por medio do diálogo, buscan saídas ao problema conxuntamente.

Pero ser persoa mediadora non é fácil. Por iso algúns rapaces e rapazas do IES Antonio Fraguas empezaron coa formación sobre este tema e, grazas á nosa e o noso informador, puidemos averiguar de que trata e como pode influenciar no noso día a día.

Imaxinades que nos colexios non houbese pelexas nin que fixeran falla chamar ao profesorado para que solucionaran o problema? Ou que non se necesitase chamar ás familias?

Todo isto pode ser posible grazas a un pequeno curso de mediación.

Agora os nenos e nenas poden saber como crear un ambiente máis agradable mirando á persoa que fala ós ollos, mostrar interese sobre a historia facendo preguntas...

Claro está, non todo foi fácil, tamén tiveron que aprender unhas normas:

- **Non xulgar, non impor solucións nin aconsellalas** xa que as persoas mediadoras non crean solucións, senón que axudan a que as persoas involucradas no conflito dean con elas.
- **Manter a confidencialidade.**
- **Velar para que o acordo sexa equilibrado**, é dicir, que ambas ás dúas partes estean de acordo.

O máis importante que ten que saber unha persoa mediadora é que hai que ser **totalmente neutro**.

Despois de saber todo isto decidimos mergullarnos máis e buscar máis información.

Faláronnos das partes nas que está dividido o proceso da mediación, que son: **premediación e mediación**.

1. A premediación, como dí a propia palabra é a fase previa á mediación. Nela o obxectivo consiste en crear un ambiente e unhas condicións que faciliten o acceso á mediación. Nesta fase a persoa mediadora ten que presentarse, falar coas partes por separado para saber as dúas versións e explicarlles o proceso, as regras e o compromiso. Entón, determínase se a mediación é apropiada, se son necesarias actuacións antes, se o espazo e o tempo son favorables e se a elección das persoas mediadoras é adecuada.

Sabendo todo isto as persoas mediadoras deberán facerse unha idea do conflito tendo en conta as percepcións de cada unha, empatizando; hai que saber escoitar e non facer suposicións, xa que isto pode provocar problemas de entendemento e tamén é necesario rebaxar os sentimentos negativos.



Mirando ao barrio

2. Unha vez feito todo isto hai que **presentar as “normas do xogo”** presentándose, explicando o proceso que se vai levar a cabo e recobrando as normas (non insultar, respectar a quenda de palabra...) O obxectivo deste proceso é crear confianza.

3. Seguidamente, pasamos a fase de **Cóntame**. Nesta fase o obxectivo é expoñer as versións e expresar os seus sentimentos. É dicir, a idea clave é saber o que pasou.

A actuación da persoa mediadora é crear ambiente positivo, controlar o intercambio de mensaxes, xerar pensamento sobre o conflito, buscar o verdadeiro problema con parafraseo e preguntas, animar a desafogarse a cada unha das partes, axudar a sacar os temas importantes; non valorar, aconsellar ou definir a verdade ou mentira; apoiar o diálogo entre as partes e utilizar técnicas de escoita activa como parafraseo e a clarificación.

4. A seguinte fase é: **aclarar o problema**. Aquí identifícase o problema e consensuense os temas máis importantes para as partes. Unha vez aquí, debemos asegurar a conformidade das partes sobre os temas a tratar para conseguir unha versión consensuada do conflito empregando preguntas abertas, estratexias como o parafraseo e o resumo. Tamén é importante concretar os puntos que poden desbloquear o conflito e tratar primeiro os temas comúns e de máis amaño para crear confianza.

Para explorar o conflito e dar cos intereses debemos utilizar técnicas de escoita activa como: observar a linguaxe non verbal (xestos, sentimentos ocultos...), parafrasear (facer o espello para asegurarnos de que comprendemos a historia) e resumir o problema destacando os puntos claves. Tamén é necesario para a escoita activa reflectir, é dicir, tentar expresar os seus sentimentos con outras palabras; e aplicar outras técnicas como reformular, facer preguntas circulares, ordenar os intereses e estruturar.

5. E por fin, chegamos á última fase, na que se **propoñen solucións**. O obxectivo é tratar cada tema e buscar posibles vías de solución. As persoas mediadores deberán: facilitar a espontaneidade e a creatividade na busca de ideas e explorar o que cada parte está disposta a facer e pedir á outra parte, resaltar comentarios positivos dunha parte sobre a outra; pedirles que valoren cada unha das posibles solucións e solicitar a súa conformidade ou non coas propostas que xurdiran.



Mirando ao barrio

ARTES, LETRAS E SOLIDAREIDADE; UN SÁBADO DIFERENTE

Cruz Vermella Xuventude como tódolos meses realiza as súas saídas culturais coas súas persoas voluntarias e rapazas e rapaces participantes nos seus proxectos. Este sábado 14 de Maio a actividade foi nun dos parques máis bonitos de Santiago: o Parque de Bonaval.



Aproveitando que se achegaba o Día das Letras Galegas e que estábamos alí decidimos visitar o panteón dos galegos ilustres onde están as tumbas de Rosalía, Castelao e Alfredo Brañas. No parque pasamos a maña facendo xogos por equipos, entre eles a *Illa do Tesouro* e unha *Xincana de Lóxica*.

Despois dos grandes xogos nos que todos acabamos demasiado cansos, tivemos a oportunidade de experimentar o que é Teatro Encontro, algo do que non tiñamos nin idea e que resultou moi interesante. Podédesvos informar sobre este tipo de teatro tan

especial en www.teatroencuentro.blogspot.com. Pero para adiantarvos algo, trata-se dunha persoa que comparte con outra que esta soa na rúa ou nun parque ou praza unha representación ou manobra de teatro individual.

Pola tarde os voluntarios e voluntarias fomos a apoiar o acto de sensibilización e difusión do programa Familias Acolledoras de Cruz Vermella.

Houbo varias actividades. Primeiro tratábase de animar ás nenas e aos nenos a realizar un debuxo sobre o que era para eles unha familia, estes debuxos exporíanse nun taboleiro para que tódolas persoas os puideran ver. Tamén informábase aos pais e nais sobre o programa de acollemento familiar.

Sobre as 18:15 empezou a actuación dun malabarista chamado Roi Cagabolas e a continuación tamén contamos coa participación dun Contacontos chamado Anxo Moure. Todas, as persoas desde as máis pequenas ata as máis grandes rímonos moito. Sobre as 20:15 remataron as actuacións e as persoas voluntarias recolleron todo o material e cada unha para a súa casa. E agora xa se está preparando a actividade para o mes de xuño. Seguiremosvos informando.



Mirando ao barrio

**A campaña "De mayor quiero ser..." chegou a Santiago
É unha iniciativa contra o abandono das aulas da poboación xitana**



Loitar contra o abandono prematuro das aulas da poboación xitana é o principal obxectivo de "De mayor quiero ser...". Esta campaña de sensibilización social, lanzada pola Fundación Secretariado Xitano, conta cunha actividade estrela: a Foto-furgo. Esta iniciativa trátase dun estudio fotográfico itinerante que viaxa por España retratando e nenos e nenas xitanas. Con esta acción, preténdese levar ilusión aos

nenos e nenas, preguntándoselles qué queren ser de maiores e entregándolles unha fotografía convertida en aquilo ao que eles aspiran. A "furgo" percorreu desde 2010 máis de 14 cidades españolas e retratou a máis de 1.100 mozos e mozas xitanas.

A campaña vai dirixida ao colectivo xitano en particular, pero que tamén quere chegar ó resto da sociedade, xa que o abandono escolar afecta á mocidade en xeral. A Foto-furgo estivo o pasado venres 13 de maio na Alameda de Santiago e o Equipo de "O Mirador" quixo estar presente:



Mirando a outros barrios

AS NOVAS PISTAS DE TENIS E PADEL DE SAR ABREN AO PÚBLICO

Do 5 de maio ao 4 de xullo, calquera persoa censada no Concello de Santiago poderá utilizar de balde as novas tres pistas de pádel e a pista de tenis situadas na rúa Casas Hedra, fronte ás piscinas de Sar, previa reserva das mesmas. Esta medida pretende promover a práctica destes deportes entre as e os composteláns. Ademais ata esa data deixarán alí todo o material necesario para xogar. As pistas terán un horario de apertura de luns a venres de 15:00 a 22:00 horas. Os sábados abrirán de 9:00 a 21:00 horas e os domingos de 9:00 a 14:00 horas.

pistas de tenis y **pádel en sar**
santiago de compostela



En total son 52 horas de apertura do complexo deportivo á semana.

As persoas empadroadas no Concello de Santiago deberán efectuar unha reserva das instalacións cunha semana de antelación, é dicir, dunha semana para a outra. A reserva poderase facer persoalmente, de luns a venres, nas oficinas do Departamento de Deportes, en horario de 9:00 a 14:00 horas, ou na conserxería do propio recinto en horario de 16:00 a 21:00 horas.

Tamén se poderá reservar telefonicamente, de luns a venres, de 9:00 a 14:00 horas, chamando ao 981 528 730. Neste caso, será obrigatorio confirmar a reserva recollendo o xustificante –antes do xoves desa semana– nas oficinas do Departamento de Deportes, de 9:00 a 14:00 horas. De non facelo, a reserva quedaría anulada.

As fins de semana unicamente se realizarán reservas de forma presencial nas propias instalacións durante o horario de apertura. A admisión de reservas comeza na mañá do mércores 4.

A persoa usuaria deberá identificarse co seu DNI e presentar o seu xustificante na conserxería do recinto antes de acceder ás instalacións. Cada usuaria só poderá reservar unha hora á semana.

O arquitecto Alfredo Varela describe as características destas pistas, cuxa construción se atopou coa dificultade da topografía da parcela, que ademais esta atravesada por unha canalización de gas natural e o colector do Sar. De aí que se dividira a parcela en tres áreas: unha coas pistas de pádel, outra coa de tenis e, a parte do colector e da liña de gas que quedaron sen edificación.

As pistas de pádel teñen unhas dimensións de 20 x 10 metros e son de herba artificial e un cerramento en cristal temperán con estrutura de aceiro lacado en branco. Contan con iluminación artificial.

Mirando ao mundo

EEUU TERMINA CO TERRORÍSTA MÁIS BUSCADO DO MUNDO

Á unha e dez da madrugada do pasado luns día 2, hora paquistaní, catro helicópteros dos comandos especiais da Mariña estadounidense, apareceron no ceo dun acomodado barrio de Abbottabad, a uns 60 km da capital, Islamabad.

Seu obxectivo: unha casa fortificada onde presuntamente agochábase o home máis buscado do planeta. Nunha operación milimetrada que durou menos de 40 minutos, o pequeno equipo rematou coa vida de Osama Bin Laden, o instigador dos atentados do 11-S xunto coa de outras catro persoas, dous correos, un deles fillo do líder terrorista, Khaled, e unha das súas esposas.

Hai que ter claro que os actos terroristas acontecidos contra os EEUU onde morreron milleiros de persoas, ao igual que en Londres e en Madrid, é decididamente un atentado brutal e unha ofensa á toda a humanidade pero compre non caer no erro do “ollo por ollo dente por dente” ou que o fin xustifica os medios porque con esta mentalidade podemos caer na trampa de animalizar as nosas conciencias e empregar a mesma moeda con aqueles dos que denunciemos no seu día”. Aí está a capacidade de cada persoa para realizar un xuízo de valor e polo menos cuestionar un mínimo estes aspectos. Nin todo é negro nin todo é branco, as veces as cousas tórnanse grises e temos que intentar (polo menos iso, intentalo) ir un pouco máis aló.

Está moi claro que os atentados do 11-S deixaron unha traumática pegada na sociedade americana (ao igual que en España o 11-M). Por iso a morte do terrorista talibán foi festexada polas rúas entre bandeiras e himnos nacionais pero non podemos esquecer que o odio produce odio e as xentes de oriente medio tamén queimaban bandeiras e fotos dos presidentes americanos.



Repítense os rituais en bandos opostos?

O cadáver de Osama foi arroxado o mar, pero a súa pantasma volve a nós con máis forza: EEUU xa elevou os niveis de alerta, Washington advirte de que Al Qaeda pode vingarse, Obama di “que pode haber ataques violentos en todo o mundo”. Así atízase o medo, inimigo fatal da revolución e da liberdade; gran aliado das armas, de quen as fabrica e de quen as vende.



Canto sabes sobre...???

A PÍLDORA DO DÍA DESPOIS

A píldora do día despois é un método de emerxencia que evita o embarazo cando tivemos relacións sexuais sen protección ou simplemente produciuse algún problema utilizando calquera outro método que pode significar unha redución da súa eficacia, como por exemplo que se rompa o preservativo, esquecer tomar a píldora anticonceptiva ou esquecer poñer o anel anticonceptivo....

Recorda que se necesitas a píldora de emerxencia, necesitas tomala con urxencia, non debes retrasalo xa que fora das 72 horas perde eficacia, aínda que o ideal é tomala nas primeiras horas despois da relación sexual.

O que fai a píldora é evitar que a muller quede embarazada ao interromper:

1. A ovulación, ou impedir que os ovarios produzan óvulos que poidan ser fertilizados
2. A fertilización, ou impedir que o óvulo sexa fertilizado polo esperma
3. A implantación, ou evitar que un óvulo fertilizado adhírase á parede do útero

Se a muller xa está embarazada ou pasaron xa as 72 horas, a anticoncepción de emerxencia NON funcionará, pois estimase que a fertilización do óvulo prodúcese 72 horas despois de ter relacións sexuais.

Un erro común que comete a xente sobre a píldora é pensar que despois de tomalas poden manter relacións sexuais sen protección e sen risco de embarazo. É totalmente falso, corres o risco de quedar embarazada. Despois de tomar a píldora debes utilizar un método anticonceptivo seguro.

O uso da píldora pode ter efectos secundarios, ningún de gravidade, máis ben trátanse de pequenas molestias. Aínda que compre ter en conta que se se toma con frecuencia e sen control médico pode provocar graves problemas de saúde.

Nalgunhas mulleres pode provocar náuseas e vómitos, mareos, dores de cabeza e abdominais e sensibilidade nas mamas. E normalmente retrasa ou adianta o comezo da seguinte menstruación.

Tamén á hora de tomar a píldora do día despois,

hai que ter moi en conta que é unha **solución de emerxencia e**, por tanto, **non se debe tomar con frecuencia**, por iso **non se debe usar como método anticonceptivo**, senón como un sistema de emerxencia, cando os outros fallan, por exemplo que se rompa o preservativo, ou en casos de violación.

Cando se toma a píldora desordénase o comportamento natural dos ovarios de forma temporal e ao ciclo seguinte axustase novamente. Pero o tomala de forma habitual, é posible que se alteren outras hormonas diferentes ás da ovulación e haxa, por exemplo, ausencia de período menstrual, crecemento inadecuado do endometrio ou compromiso do sistema óseo.



Mirando pola túa saúde

OS BENEFICIOS DAS ALGAS

As algas son certamente unha novidade na nosa dieta, pero constitúen unha riquísima fonte de vitaminas, minerais, proteínas e hidratos de carbono que, ademais, non engaden calorías nin graxas á nosa alimentación. Chegadas directamente dende Xapón, polo menos na súa forma culinaria, este é o país con maior consumo de algas por habitante, feito polo cal, posiblemente, todas aquelas algas que adoitamos comer no noso país manteñen, polo tanto, o seu nome nipón orixinal.

Como dixemos anteriormente, as algas achegan á nosa dieta vitaminas, minerais, proteínas e carbohidratos de gran calidade polo que non é de estrañar que aporten grandes beneficios á nosa dieta.

As algas contan con fucoidina, un principio, que se demostrou que frea a acción canceríxena, axudando a reducir algúns tumores, en especial o de mama e colon. Segundo diversos estudos, axudan a mellorar a articulación, dado que, segundo se cre, posúen un activo anticoagulante que limpa a sangue.

Teñen ademais un grande efecto antibiótico, polo que combaten as infeccións e, así mesmo, actúan de xeito selectivo na flora intestinal.

Estimulan o páncreas e o bazo, depurando o sistema linfático e eliminando toxinas e residuos de refugallo, depurando o noso corpo.

Pódese tomar aliñada en ensalada, ao forno e triturada en morteiro como condimento, como guarnición ou leito en pratos de peixe, carne ou marisco e en ensaladas, revoltos, croquetas, potaxes de vixilia, hamburguesas, arroces, pastas, etc.

Galicia é unhas das principais exportadoras a nivel mundial de algas comestibles, principalmente cara o mercado asiático onde a cultura gastronómica das algas está historicamente máis arraigada pero cada vez é máis común que este tipo de “verdura mariña” apareza nas receitas e nos pratos máis selectos da nova coíña galega polo que recomendámosvos que as provedes se tedes oportunidade. Este produto de momento aparece nos estantes das tendas gourmet e incluso a través de internet pero de seguro pronto estará en tódolos supermercados.



Reportaxe

FEIRA DO LIBRO



A Feira do Libro celebrouse en Santiago de Compostela do 30 de Abril ao 8 de Maio e o equipo de reporteiros e reporteiras de “O Mirador” achegouse ata o paseo da Alameda para botar unha ollada e pescudar acerca dos gustos e preferencias literarias das xentes da cidade que por alí se pasaron. Tamén quixemos comprobar qué se vendía máis, se libros en galego ou en castelán, polo que eliximos tres postos ao azar e fixémoslles as seguintes preguntas:

1.-Que autora/autor se está a vender máis?

Posto A: Lois Pereiro

Posto B: Álvaro Cunqueiro

Posto C: Lois Pereiro

Posto D: Miguel Anxo Prado

2.-Que libro se está a vender máis?

Posto A: “As Mariás”

Posto B: “A Cociña de Larpeiros”

Posto C: “O Cabalo de Ouro”

Posto D: “De profundis”, “Isto é Londres”, “Isto é París”

3.-Tedes a vender máis libros en galego ou en castelán?

Posto A: Metade galego metade castelán.

Posto B: 25% galego e o resto castelán.

Posto C: Galego e castelán.

Posto D: Galego e castelán.



Testemuña

ENTREVISTA XUÍZ CALATAYUD PARA “O MIRADOR”

6/5/2011

Centro Social Caixagalicia

Emilio Calatayud é un maxistrado español, xuíz de menores de Granada coñecido polas súas sentencias exemplares. Ditas sentencias educativas baixaron a delincuencia na súa cidade e aumentaron o número de menores que non reinciden no delito. En case 20 anos xulgou a máis de 10.000 adolescentes aos que, sempre que pode, da esa segunda oportunidade que todas as persoas algunha vez necesitamos.

O equipo de reporteiros e reporteirias de “O Mirador” ten a ocasión de poder facerlle unha entrevista ao maxistrado antes da conferencia, parécenos unha gran oportunidade para coñecer a súa labor profesional.



En que momento te das conta da necesidade de impor estas sentencias “tan pouco convencionais” ?

Dende o primeiro momento, creo que hai moitas cousas para reparar o delito sen chegar a privar de liberdade a alguén.

Como se che ocorren estas sentencias ?

Traballo en equipo, busco asesoramento en diferentes profesionais e pouco a pouco van aumentando as diferentes colaboracións. Primeiro empezamos coas persoas paraplégicas, logo co servizo de ambulancias e así pouco a pouco.

Moitas veces a cidadanía descoñece moitos dos procedementos do sistema xudicial. Ti caracterízaste por ter un discurso entendíbel e próximo os cidadáns de a pé, desde o teu punto de vista, pensas que é algo común na túa profesión? Que pensas que fai falta para mudar esta situación?

Non, por desgraza non o é. Creo que en España explícanse pouco ás leis. Normalmente ás persoas xuíces dálles medo a opinión pública.

O que fai falta é sentido común en todo o que se fai.

Pode que a túa metodoloxía de traballo diste moito da dos teus colegas de profesión, tes algún tipo problema relacionado con isto ?

Non, de feito hai máis xuíces que aplica este tipo de sentencias, o que pasa é que da medo a opinión pública e falar coa sociedade pero non son o único xuíz que o fai, hai moitos o que pasa é que non o din ou non se coñecen.

Testemuña

Cal foi a condena máis dura ou que máis che doera impor?

Normalmente cando se trata de asasinatos ou violacións a menores, sempre é duro escoitar testemuñas cando se tratan estes temas. Pero despois de 29 asasinatos, 90 violacións e máis de 17.000 casos non é que te acostumes pero xa non che causa tanto

Non hai ningunha que sexa máis dura ca outras, todas son moi duras.



Cal foi a sentenza que despois de moito tempo, tivera moitos beneficios?

Son moitas a verdade, case todos aos que sentencio, os casos que absolvo non volvo saber deles pero moitos que condeno despois véñen-me presentar a súa parella,... realmente teño boas relacións... aínda que tamén hai fracasos, todo hai que dicilo.

Que opinión tes da mocidade actual e as necesidades que a sociedade actual demanda no día a día?

Teño moi boa idea da xuventude, o que pasa é que temos que aprender a dicirlles que non cando así o requira. Creo que tamén fai falla un pacto co menor, as persoas políticas teñen que informar máis claramente sobre as políticas sobre menores e estas deben ser máis coherentes.

E xa máis persoalmente, algunha vez tiveches algún problema coa xustiza?


Non, pero si cometín trasnadas o que pasa é que quen me xulgaba era meu pai.

Que recomendarías, as familias e demais axentes educativos, para non ter que chegar a xulgar a un/unha menor?

Que sexan pais e nais (non amigos/as) e se preocupen por coñecer aos seus fillas e fillos.

O que hai que ver...

CURTOCIRCUÍTO 2011




O **Festival Internacional de Curtametraxes de Santiago de Compostela, Curtocircuíto**, nace en 2004 coa intención de potenciar e premiar a creación audiovisual no eido da curtametraxe.

Continuando co espírito que caracteriza este evento, a organización intenta que o festival sexa para a cidade un acontecemento máis alá da competición. Por isto desenvolve toda unha serie de actividades paralelas que constitúen unha parte imprescindible de Curtocircuíto. Así, anima a todo o mundo a seguir as xornadas dedicadas á proxección de programas temáticos de curtas Na Rúa, o concurso de guións Compostela Plató, ou os obradoiros e mesas redondas con persoeiros do mundo audiovisual.

Este ano o festival estivo dedicado as persoas superheroas. Por iso Curtocircuito preparou dous programas especiais con eles/as como protagonistas.

¡Homes e mulleres con poderes sobrenaturais! ¡Xusticeiras con capa, prodixios con anteface, identidades secretas, tipos en mallas aos que lle move a paixón por saír na axuda de todo aquel que se atope en apuros...!

Pero lembrade, os heroes e heroínas non sempre teñen porque levar capa...



Elaboración: O Equipo O Mirador sae á Rúa

A VERDADE SOBRE...

.... AS NOVAS ADICCIÓNS: INTERNET E AS REDES SOCIAIS

“Un adulto abusa de Internet cando está conectado máis de tres horas ao día”. Nos adolescentes este límite atópase en dúas horas, se ademais existe privación do sono (menos de 5 horas) e prefírese navegar a ter outro tipo de relacións sociais, pódese pensar que unha persoa ten risco de adicción. Outro aspecto importante é pensar na rede constantemente.



En redes sociais virtuais como Facebook, Hi5 ou Tuenti pódese entrar en contacto con moitas persoas ás que non se coñece na realidade e ás que non se ten aceso; este feito atrae a quen apenas ten unha rede social formada, que tende a sobreexponerse para ser máis coñecidos: mandan fotos, chatean e colgan fotografías incluso da súa intimidade.

A adicción a internet soe afectar ás persoas que psicoloxicamente ou por idade son máis vulnerables. Un grupo ao que hai que prestar especial atención é a adolescencia porque reúnen características de risco: impulsividade externa, necesidade de relacións novas e autoestima baixa.

Un dos indicadores máis claros de que se está nunha dependencia é a imposibilidade de controlar o tempo que se quere estar conectado e a única terapia fronte a esta adicción é evitar os factores de risco: Se son adolescentes, non deben ter ordenador na súa habitación; tampouco deben navegar solos. É moi importante facer ver ao afectado que ten unha adicción o antes posible. As nais e pais que non conseguen reconducir a situación deben acudir o seu médico ou a un pediatra para que, nos casos máis graves, poidan derivar á/ao adolescente a un centro de saúde mental onde teña a posibilidade de ser tratado por psicólogos clínicos ou psiquiatras.



Debemos ter en conta que as nenas e nenos son caldo de cultivo xa que teñen máis facilidade para acceder ás tecnoloxías por iso é moi importante que as familias estean moi atentas e supervisen as entradas na rede.

Ollo ao dato

17 DE MAIO, DÍA DAS LETRAS GALEGAS

O 20 de marzo de 1963, tres membros da Real Academia Galega presentaron nesta institución unha proposta histórica: Que se declarase o día 17 de maio de cada ano "Día das Letras Galegas" como data para "recolle-lo latexo material da actividade intelectual galega".

Manuel Gómez Román, Xesús Ferro Couselo e Francisco Fernández del Riego, expuñan que "con motivo de se celebrar aquel ano o centenario da publicación dos CANTARES GALLEGOS de Rosalía de Castro", a Academia debería consagrar, con carácter de perdurabilidade, o simbolismo da data nunha celebración anual.

Estimaban que o libro rosaliano editado en 1863 "foi a primeira obra mestra coa que contou a literatura galega contemporánea" e que "a súa aparición veulle dar prestixio universal á nosa fala como instrumento de creación literaria", concluindo que representa "un fito decisivo na historia da renacemento cultural de Galicia".

Propúñase o día 17 de maio, ao ignorarse a data da publicación do libro, por ser nese día cando Rosalía de Castro llo adicou ao tamén poeta Fernán Caballero.

A festa tivo un alcance e unha significación extraordinaria, e foi moi ben acollida non só a nivel literario senón nos ambientes populares.

Despois -a partir de entón- fóronse celebrando cada ano días das Letras Galegas adicados cada un deles a unha figura significativa das letras galegas, e hoxe está nun momento en que parece que responde xa ó que pretendiamos todos: Que a festa das Letras Galegas teña unha significación, un alcance e un eco non só nos ambientes minoritarios senón nos ambientes do pobo".

Máis de 40 anos despois, celebrados días e días das Letras Galegas, normalizada ou en camiño de normalizarse a situación cultural do noso País, é bo momento para facer un "suma e segue".

O homenaxeado desta última edición, Lois Pereiro (Monforte de Lemos, 1958-A Coruña, 1996) é autor de culto, representante da eclosión creativa dos 80 e da contracultura. "Nas letras galegas constitúe unha liña de intensidade vital e de formas contemporáneas. Alguén, como di Manuel Rivas, semellante á figura de Manuel Antonio nos anos 20". Con estas palabras presentaba Méndez Ferrín, presidente da Real Academia Galega (RAG) a Lois Pereiro, o autor que se homenaxeaba no Día das Letras Galegas 2011. Del dixo tamén Manuel Rivas: "é un mito contemporáneo. A súa obra é vangardista, universal e tamén dramática, pero con moito alento. Lois Pereiro invoca aos bos espíritos, as marabillas, a rebeldía e a xenerosidade".



Deportes

O BODYBOARD



Durante centos de anos, os polinesios cabalgaron as ondas nunha posición “doada”, isto é, tombados, sobre listóns curtos e grosos de madeira, sobre unha especie de balsas de caña e ata sobre follas de palmeira. A súa denominación no idioma hawaiano é “*paipo*”, termo referido a unha pequena táboa dun metro vinte de lonxitude aproximadamente.

Oficialmente, o 7 de xullo de 1971 nace o bodyboard. Tom Morey, un construtor de táboas de surf que abandonou o seu negocio de construción de táboas en California, para relaxarse e deseñar na illa de Hawaii, atopábase mirando as ondas dunha das numerosas rompentes da illa hawaiana de Oahu, cando sentiu a imperiosa necesidade de surfear, pero coa mala fortuna de que non tiña ningunha táboa a súa disposición no seu domicilio (e iso que era construtor...) . Así que decidido, apañou unha pequena serra eléctrica e unha prancha e deu forma a un anaco de espuma de polietileno, tendo como “plantilla” una estera rectangular.

En 1973, patentou a marca **Morey Boogie** por 10 dólares. Así foi como a demanda de táboas de Morey disparouse ata o infinito: cara 1977 producía unhas 80.000 táboas o ano, principalmente vendidas nos Estados Unidos.

Ao contrario que o surf, dominado por estadounidenses e australianos, o bodyboard adquiriu un carácter máis global. Mentres que estes dous países lideran as fornadas de campións mundiais de surf, a gran maioría dos campións de bodyboard proceden de países como Brasil, Sudáfrica, Portugal, Porto Rico, Panamá ou España, sobre todo desde Illas Canarias.



Galicia reúne moi boas condicións para a práctica deste deporte xa que conta con numerosas e potentes ondas ao longo de todo o seu litoral. Desde as rompentes de rocha da costa de Santa María de Oia nas Rías Baixas ata as praias de Ferrol (onde se celebran probas do Circuito Mundial) e a Mariña Lucense, pasando pola salvaxe Costa da Morte, polo que é un deporte que conta con numerosas adeptas e adeptos e a calidade dos seus *riders* é cada vez mellor.

lendo, vendo, aprendendo...

LOIS PEREIRO, O POETA PUNK FEITO CLÁSICO

Lois Pereiro (Monforte de Lemos, 1958—A Coruña, 1996)

Naceu en Monforte de Lemos, de familia procedente do Incio. Estudou no colexio dos Escolapios, e comezou a escribir con 15 anos. Tras rematar o COU marchou a Madrid, onde comezou Ciencias Políticas e Socioloxía. Logo dunha estancia en Monforte traballando na empresa familiar, adicada ao vidro, regresou a Madrid para estudar lingua inglesa, francesa e alemá. Alí fundou a revista *Loia* xunto a Antón Patiño, Manuel Rivas e o seu irmán Xosé Manuel Pereiro.



Cara a 1981 marcha a vivir á Coruña, onde se une á revista *La Naval*. Neste período entrou en contacto cun grupo de poetas entre os que figuraban Xavier Seoane, Francisco Salinas Portugal ou Xulio Valcárcel, participando en varias antoloxías coma *De amor e desamor* (1984) e *De amor e desamor II* (1985), e colaborando en revistas como *La Naval*, *Trilateral*, *Anima+1* e *Luzes de Galiza*. Esta última publicaría en 1997 os oito capítulos da novela corta *Náufragos do Paradiso*.

En 1983 e 1987 viaxou canda Fernando Saco por Europa. Traballou como tradutor do alemán, francés e inglés de dobraxe de cinema e televisión.

Publicou dous poemarios en vida, *Poemas 1981/1991* (1992) e *Poesía última de amor e enfermidade* (1995). No 1996, ano da súa morte, saíu á luz *Poemas para unha Loia*, que recolle obras da época madrileña, publicadas na revista *Loia*, e que inclúe o ensaio *Modesta proposición para renunciar a facer xirar a roda hidráulica dunha cíclica historia universal da infamia*, publicado no nº 27 de *Luzes de Galiza*.

Canto das causas da morte de Pereiro, malia estar daquela enfermo de SIDA, foron un cúmulo de doenzas que remataron cunha insuficiencia hepática. Oficialmente, o motivo do seu pasamento foi unha intoxicación por aceite de colza desnaturalizado que a tantas persoas envelenou neses tempos.

Obra en galego:

- Lois Pereiro (1992). *Poemas : 1981-1991*, Edicións Positivas, S.L..
- Lois Pereiro (1995). *Poesía última de amor e enfermidade (1992-1995)*, Edicións Positivas, S.L..
- Lois Pereiro (1997). *Poemas para unha loia*, Espiral Maior.

Elaboración: Redacción de "O Mirador"

O Faladoiro

O 17 de Maio as galegas e galegos estamos de celebración xa que se celebra o Día das Letras Galegas e temos que estar ben orgullosos por isto, pero...saberán as máis pequenas e pequenos por qué se festexa este día como festividade en Galicia ??

Por qué se celebra o 17 de Maio, o Día das Letras Galegas?

“Porque morreu un escritor galego”. Ángel 10 anos.

“Pola independencia de Galicia”. Fermín. 11 anos.

“Porque é unha celebración do día de Galicia”. Kevin 10 anos.

“Para conmemorar ós antigos escritores galegos”. Roberto 11 anos.



Recetario

TORTIÑAS DE MAZÁ

Ingredientes para 4 persoas: 4 rebandas de pan de molde sen codia, 2 mazás, o zume de medio limón, 2 culleradas de azucre, 1 cullerada de mermelada de albaricoque, 1 culleradiña de mantenga.

1. Pelar unha mazá, cortala en láminas finas e reservalas nun recipiente cun pouco de auga e o zume de limón.
2. Pelar a outra mazá, cortala en cuartos e cocela nunha cazola cun pouco de auga e o azucre durante 15 minutos ata que estea tenra. Escorrela e pasala polo pasapurés ata obter un puré.
3. Cortar cun vaso 4 círculos de pan de molde. Repartir enriza o puré e as láminas de mazá formando con estas unhas espirais.

Distribuílas nunha fonte refractaria untada coa mantenga, introducila no forno –quentado antes a 150°C- e cocelas durante 20 minutos. Retírlas, esparexer a superficie coa mermelada de albaricoque e servir.

PASTEL DE TOMATE

Ingredientes: 2 láminas de follado conxelado, 2 bolsas de mozzarella, 6 tomates, 1 cebola grande, aceite de oliva, sal, cementsa branca e pirixel picado.

1. Desconxelar as láminas de follado e moldear os bordos dándolle á masa forma de bandexa. Encher as láminas cunha bolsa de mozzarella.
2. Cortar os tomates en rebandas moi finas e colocar sobre a mozzarella montando uns sobre outros. Cortar a cebola en láminas moi finas e esparexer por riba dos tomates.
3. Esparexer o aceite de oliva, o sal, a cementsa branca e o pirixel picado.
4. Introducir no forno, xa quente de 30 a 40 minutos.

Proteste xa !

Xavi é un mozo que vive en Santiago, onde practica o deporte de orixe francés chamado Parkour. Para a práctica deste deporte dedícase a percorrer a cidade na procura de espazos onde os saltos e os obstáculos a sortear están asegurados. As veces hai persoas que quizais por descoñecemento pensan que este deporte pode ocasionar danos ou desperfectos no mobiliario urbano aínda que isto é case imposible. Aquí temos as verbas de Xavi, que quere poñer de manifesto os seguintes aspectos:

É considerado por algúns deporte e por outros delito.

Delito: por destrozar mobiliario público; como bancos, farois, etc

Deporte: porque fas exercicio.

Eu opino que é un deporte porque non facemos dano á xente, e respecto ao que din de que é un delito, non teñen razón porque se a Xunta, dentro de Galicia, non fai un espazo para os que fan Parkour, creo que temos dereito a practicalo onde poidamos practicalo.



Por:
Xavier Iglesias Casal.

Pasando o tempo

Busca os nomes polos que son coñecidos doce autores literarios galegos:

N	I	N	G	S	R	P	B	N	O	A	L	E	T	S	A	C
P	O	A	C	A	B	A	N	I	L	L	A	S	D	B	O	O
A	N	V	S	U	C	A	Q	G	U	T	O	R	V	Z	A	N
L	C	A	O	T	E	R	Z	F	B	O	T	A	E	L	V	M
A	R	L	S	N	N	A	R	I	S	C	O	D	E	A	E	E
C	A	F	A	A	E	G	T	D	A	B	A	T	N	T	Z	N
L	F	R	L	R	A	I	S	S	Q	O	S	E	T	B	I	D
A	A	E	O	O	S	N	R	A	Z	A	S	N	A	L	N	E
R	L	D	P	S	I	A	I	A	L	S	E	A	T	A	O	Z
E	I	O	I	A	T	L	B	U	L	E	M	B	A	N	R	F
I	O	C	C	L	R	E	A	O	H	E	T	O	B	C	A	E
V	S	O	E	I	A	I	H	R	I	G	T	N	N	O	H	R
A	R	N	M	A	M	F	O	E	Q	R	T	E	E	A	V	R
X	P	D	S	C	U	N	Q	U	E	I	R	O	R	M	E	I
X	R	E	A	O	N	O	Ñ	A	P	A	E	N	I	O	I	N
P	R	B	N	G	E	L	O	F	L	E	X	N	A	R	S	P

Busca o título de doce obras literarias, correspondentes aos doce autores sinalados na sopa de letras anterior:

O	R	H	E	A	S	A	S	U	O	C	N	O	I	P	R	P	N	A
B	P	P	D	M	A	U	C	A	S	O	S	E	D	O	T	E	B	M
B	R	E	I	X	O	T	E	T	E	E	O	T	O	C	E	R	E	O
A	I	S	S	E	C	I	R	I	I	R	C	N	M	I	E	P	D	R
Z	M	E	E	T	N	S	A	D	N	Q	I	E	O	H	T	D	S	D
A	I	R	A	E	S	M	O	R	G	A	X	U	A	M	E	D	A	E
V	N	A	T	N	U	S	T	M	I	S	L	N	C	I	D	R	R	A
A	E	U	R	O	S	L	S	A	M	O	E	R	E	T	A	T	B	R
B	R	N	A	T	N	E	I	T	A	R	A	G	T	R	I	A	I	T
B	O	I	S	N	E	V	S	A	I	N	T	N	N	R	R	Q	H	U
A	S	T	I	A	D	I	R	A	T	O	S	O	E	O	E	A	O	R
R	A	N	O	E	A	T	O	C	V	D	O	C	M	N	L	U	T	E
R	R	O	E	R	D	D	D	A	O	O	N	N	A	D	N	I	E	O
E	C	C	S	P	A	R	A	R	C	O	N	I	F	M	H	T	S	S
T	I	E	E	R	I	F	E	A	I	C	E	S	P	A	I	A	I	A
I	R	T	B	M	L	U	N	N	R	U	T	E	A	M	B	R	A	T
U	E	M	D	E	I	N	L	A	E	B	N	D	A	L	S	U	H	S
G	O	O	A	D	O	N	H	A	M	L	E	T	S	O	L	R	L	E
S	M	C	Ñ	S	B	O	E	T	P	A	E	A	U	C	E	O	A	A
N	O	D	E	S	T	E	R	R	O	N	M	D	A	I	O	A	F	N

SOLUCIÓNS:

1ª SOPA DE LETRAS

Castelao/Novoneyra/
Cabanillas/Risco/Bianco Amor/
Cunqueiro/Xavier Alcalá/
Alfredo Conde/Pimentel/Anxel
Fole/Méndez
Ferrín/Rosalía.

2ª SOPA DE LETRAS

Cousas/Breixo/A Esmorga/
Terra Brava/Amor de Artur/ Os
Eidos/Don Hamlet/Leria/A Som-
bra do Aire na Herba/Fábula/
Follas Novas/No Desterro.

O refraneiro

“Os responsables de mellorar a saúde da nosa fala van a ser milleiros de cidadáns nas súas empresas, nos seus lugares de traballo, na súa relación social, nas súas familias, na administración pública, nos medios de comunicación, en resumo, depende pois do sentimento de amor a Terra e da vontade e dignidade de nós, as persoas galegas.”

Aquí vai unha serie de frases dos nosos máis ilustres escritores e escritoras:

**"Cantarte hei,
Galicia, na lin-
gua galega,
consolo dos
males, alivio
das penas"
Rosalía**

**"O galego que non
fala na lingua da
súa terra nin sabe
o que ten de seu,
nin é merecente
dela"**

**"O verdadeiro
heroísmo está en
transformar os
desexos en reali-
dades e as ideas
en feitos."
Castelao**

**De cada galego
depende pois
que a nosa fala,
a maior crea-
ción do pobo
galego, avance
e perviva, "mil
primaveras
máis"
Cunqueiro**

**"Mexan por nós e
aínda hai que di-
cir que chove"
Castelao**

Entrevista

MARÍA ROSENDO PRIEGO PRESENTANOS: “NÓMADE”



Nada en Vigo, María escribe poesía desde os 17 anos. Realizou estudos de filoloxía inglesa que, máis tarde, compaxinará cos de educación social.

En 2007 viaxa a cidade de Bos Aires para vivir no hemisferio austral durante un ano. Será precisamente nesta andaina onde comeza a nacer a poética deste poemario, *Nómade*, obra coa que gaña a XXIII edición do Premio Nacional de Poesía Xose María Pérez Parallé, recibindo como premio a publicación do poemario.

Participou en recitais poéticos coas Redes Escarlata ou na II “Rebelión da décima musa”, nas festas do Barrio de

San Pedro en Compostela. *Nómade* é o primeiro libro da autora que verá luz nos próximos días na colección de poesía Espiral Maior.

Na actualidade vive en Compostela onde traballa en produción teatral coa compañía Berrobambán.

“O Mirador” recibiu a María para que nos falara un pouco máis da súa obra e dela mesma e comentar outros temas que nos atinxen nos tempos de hoxe en día como por exemplo o estado da Lingua.

PREGUNTA: Cando comézache a escribir?

RESPOSTA: *Non podo dicir con certeza cando comecei a escribir xa que o fago desde moi pequena. Escribo porque sinto ese necesidade de expresarme e síveme de acougo e desafogo, pero foi, quizais, fai algúns anos cando animada por unhas amigas fixen públicos algúns dos meus poemas.*

P: Que temas tratas na túa obra?

R: *Buff..(rí), o que escribo non atende sempre cara as mesmas temáticas...pero si que podo dicir que os meus poemas son máis pesimistas, quizais porque esta vida, moitas veces, ten máis disto último que de optimismo...*

P: De que nos falas en “Nómade”?

R: *Estes poemas veñen a falar do camiño físico que se entrelaza co camiño interior que un vive na procura dun lugar, a través de diferentes cidades, vilas, pobos, espazos...na procura dun lugar propio onde sentirse parte.*



Entrevista

P: Como ves o panorama literario galego, no que se refire a novas autoras e autores? Pensas que está difícil que che publiquen algo en Galicia?

R: *Ben. Hai moitas autoras e autores novos pero non se pode vivir de escribir...supoño que si que está complicado que che publiquen algo hoxe en día.*

P: Que se podería facer para mudar esta situación ?

R: *Pois axudar as novas creadoras e creadores, a través de premios literarios, obradoiros, fomentar os recitais ou outras iniciativas polo estilo, gustaríame que máis xente escribise.*

P: Cal é o teu libro favorito?

R: *Non é doado dicir un solo...pero vou dicir “A cousa vermella” de Olga Novo. Ultimamente so leo poesía pero tamén gústame moito a banda deseñada.*

P: E ti, a quen lle dedicarías o Día das Letras Galegas?

R: *Eu dedicaríallo a persoas que estean vivas. Esta ben que se recoñezan ás grandes escritoras e escritores galegos pero penso que facelo ás persoas que están vivas é un homenaxe moito mellor.*

P: Que opinas da situación da fala, da nosa lingua; o galego ?

R: *Pois penso que está fatal. Hoxe en día existe un auto odio increíble...temos que reivindicar unha lingua, que é unha cultura propia e ademais é a nosa. Temos que tomar unha postura xa; decantarnos polo galego.*

O venres día 3 de Xuño, preséntase o libro na biblioteca pública Ánxel Casal ás 19:30.



OFERTA DE ACTIVIDADES MUNICIPAIS PARA O VERÁN 2011

Santia Go!

Campamento Urbano con actividades de lecer, deporte, obradoiros, inglés, excursións.

Destinatarios: nenos e nenas de 4 a 15 anos

Datas: *I Quenda*—do 27 de xuño ao 15 de xullo

II Quenda—do 18 ao 29 de xullo

III Quenda—do 1 ao 12 de agosto

Horario: de luns a venres (agás festivos) polas mañás.

Prezo: págase por semanas / dúas semanas (140€), tres (180€), catro (220€), cinco (250€), sete (325€).



ESCOLAS INFANTÍS DE CONXO E FONTIÑAS

Obradoiro de creación e manualidades

Obradoiro de deporte en equipo

Destinatarios: nenos e nenas de 3 a 6 anos

Datas: Do 27 de xullo ao 9 de setembro

Horario: de luns a venres (agás festivos) de 10 a 14 h.

Prezo: 125€



ENGLISH SUMMER SCHOOL

Contarase con obradoiros de creación literaria e recomendacións de materiais de aprendizaxe da lingua inglesa, actividades deportivas, saídas,... As actividades serán impartidas integramente en inglés.

Destinatarios: estudantes empadroados no Concello de Santiago dende 1º de Primaria a 2ª da ESO.

Datas: do 1 ao 29 de xullo

Horario: de 9 a 14 h (servizo de conciliación dende as 8:15.) **Prezo:** 160€ (mes completo) / 100€ (unha quincena)



Campamentos Urbanos:

Viaxandeando polo mundo

Realizaranse actividades lúdico—educativas (plásticas, expresión artística, xogos populares, obradoiros, animación á lectura) desenvolvidas no seo dos centros socioculturais de Conxo, Vite e Fontiñas.

Destinatarios: de 6 a 12 anos

Datas: do 1 ao 29 de xullo

Horario: de luns a venres (agás festivos). Actividades de 9 a 14 h, con servizo de conciliación de 7:45 a 15:15 h.

Prezo: 100€ (mes completo) / 25€ (cada semana).



San Pedrines

Destinatarios: de 5, 6 e 7 anos

Datas: do 1 ao 5 e do 8 ao 12 de agosto

Horario: de 10 a 13:30 h.

Prezo: 30€.

Mañás no Bosco

Destinatarios: de 4 a 13 anos.

Datas: *I Quincena* — do 4 ao 8 e do 11 ao 15 de xullo

II Quincena — do 18 ao 22 e do 26 ao 29 de xullo

Horario: de 9 a 14 h.

Prezo: SOCIOS 10€ unha quincena, 15€ as dúas. NON SOCIOS 50€ unha quincena, 80€ as dúas.

Campamento urbano

Destinatarios: de 8 a 14 anos.

Datas: do 1 ao 5 e do 8 ao 12 de agosto.

Horario: de 10 a 13:30 e de 16 a 20 h.

Prezo: gratuíto e sen límite de prazas.



CÓNTANOS:

E- MAIL
educacionderua@santiagodecompostela.org

(O Concello de Santiago non comparte necesariamente as opinións expresadas nos artigos da revista)
 Exemplar de distribución gratuita.

MÍRANOS NA WEB:

www.compostelaintegra.org

O MIRADOR

Edita:

Sevizos Sociais.
 Concello de Santiago de Compostela

Financia:

Deputación Da Coruña

Dirección:

Programa Municipal de Educación de Rúa

Colaboración:

IES Antonio Fraguas, Espazo de Maiores e Ludoteca do CSC Das Fontiñas, Unidade Municipal de Atención a Drogodependencias, Unidade de Traballo Social de Fontiñas, Unidade Municipal de Atención ás Familias, Centro de Saúde das Fontiñas, Fundación Secretariado Xitano, Centro de Día de Atención Integral Arela, Programa de Apoio a Familias Monoparentais Abeiro, Cruz Vermella, e o Equipo de reporteiros e reporteras de Educación de Rúa.